

EDUARDO

ESTEVEZ

Por Xabier Couselo

FIANDEIRO DE VERSOS,
RIMAS E METÁFORAS,
DESCUBRE UNHA IMAXE
QUE NON TEN NADA QUE
VER CON ESA IMAXE
MITIFICADA DE SEMPRE



“O poeta pensa poemas, pero tamén lava pratos como todos”

Cando se lle pregunta pola súa profesión, resposta sen dúbida: “Poeta e desempregado. Unha combinación desgraciadamente bastante frecuente. Tamén son narra-

—¿De onde ven “Só paxaros saíron desta boca”?

—É unha metáfora que ten a súa explicación. Os paxaros son unha teima para min. “Pájaro” é unha

sa nestes momentos de xente que queira dicir cousas. O importante é o que tes que dicir.

—¿Quedan cousas por dicir?

dor”. Sexa filosofía de vida ou receita de resignación, Eduardo Estévez asume a súa condición de poeta con tódalas consecuencias. No seu Bos Aires natal xa fixo as súas primeiras tentativas neste mundo, e en Galicia, onde leva menos de tres anos, xa conseguiu o seu primeiro galardón, o accésit do Premio Miguel González Garcés, co seu poemario “Só paxaros saíron pola súa boca”.

—Poesía ¿por vocación ou por accidente?

—Empecei por accidente, gracias a un profesor de literatura que, con cargo de conciencia por recomendarme unha carreira tan pouco remunerada como filoloxía, meteu-me nun dos seus talleres literarios. Como a mín dábame vergonza ir a un taller sen ter escrito nada, fixen un conto. E así comecei.

palabra bonita en castelán e “paxaro” é unha palabra fermosa.

—¿Tódalas metáforas teñen explicación?

—Teñen moitas. O bonito das metáforas é que cada un pode darlle o significado que queira.

—¿Que fai un poeta cando non fai de poeta?

—Pensa poemas, pero tamén lava pratos como todo o mundo. Esa imaxe mística do poeta non existe.

—Camilo José Cela ridiculizaba en “La Colmena” ós poetas cando facían as súas rimas. ¿A vostede gústalle facer rimas?

—A min encantárame poder facer rimas, pero cando o intento saenme moi forzadas. A poesía preci-

—Sempre queda algo por dicir.

—¿Un poema debe provocar un placer espiritual, sensual ou sentar como unha puñada?

—O bonito da poesía é que pode provocar todo iso ou ningunha das cousas. A min gústame toda a poesía cando é boa.

—¿Pódese facer poesía da política?

—É unha poesía difícil porque corres o risco de caer en lugares comúns. Prefiro a poesía amorosa.

—¿E facer políticos dos poetas?

—Hai algúns poetas que se dedican á política e envéxoos, pero tamén hai outros que viven do conto, e ós que non me gustaría parecerme.